



ESTRATEGIA DE CONCENTRACIÓN DA OFERTA E INTEGRACIÓN COOPERATIVA; Propostas da Unión de Cooperativas AGACA

I. Antecedentes

1. Concentrar a oferta na produción agraria e gandeira foi historicamente unhas das principais ferramentas para mellorar a rendibilidade das explotacións. O movemento cooperativo, con máis de 100 anos de existencia en Europa, foi a resposta estrutural que moitos agricultores e gandeiros encontraron para responder á necesidade de reducir custes de produción, gañar poder de negociación ante provedores e clientes, avanzar na cadea de valor, facer as súas explotacións máis competitivas e acadar así un maior rendemento económico das súas producións.

2. A concentración da produción foi desenvolvida de xeito moi diversa nos diferentes países da U.E.. Neste sentido, cabe destacar un modelo cooperativo moi concentrado e especializado nos países do Norte de Europa (Suecia, Dinamarca, Finlandia, Países Baixos, Bélxica e Alemaña) fronte a outro no Sur de Europa, moito máis atomizado e con unha vocación multisectorial das súas cooperativas. O movemento cooperativo nos novos Estados Membros do Leste está nunha fase de reconstrución moi complexa, xa que o modelo de empresa cooperativa asociase ás antigas cooperativas de produción propias dos países con réximes de economía planificada.

3. A necesidade de integración tamén foi a tendencia xeral en tódolos eslavóns da cadea (empresas de subministros, industrias e gran distribución) como consecuencia dun mercado cada vez máis competitivo, aberto e globalizado.

4. Por iso, a concentración da produción agraria é hoxe máis necesaria que nunca e fundamental para facer fronte a un mercado onde a dimensión é a condición *sinequanon* para o desenvolvemento de estratexias e acadar o obxectivo final: mellorar a rendibilidade das explotacións agrarias.

II. Razóns que xustifican a necesidade de concentrar a produción agroalimentaria.

A. Desequilibrio na cadea de valor:

5. A concentración dos provedores dos subministros básicos (adubos e carburantes) e da gran distribución minorista, fronte a unha produción e industria agroalimentaria moi atomizada, provoca que a transmisión dos custes de produción e prezos ó longo da cadea estea desequilibrada e sexa pouco transparente, debido principalmente á desigualdade de forzas á hora de fixar relacións comerciais.

6. A guerra de prezos desatada a nivel da distribución alimentaria para tratar de manter ou incrementar as vendas aos consumidores, provoca tensións na cadea alimentaria



que se transmiten ata o orixe. Así, o sector produtor, pola súa elevada atomización e escaso poder de negociación, percibe finalmente unha retribución que, en moitas ocasións, non cubre os custes de produción, provocando perdas e abandono da actividade.

7. Os efectos deste fenómeno multiplicouse polo progresivo desmantelamento das ferramentas de xestión de mercados tras as continuas reformas de la PAC, que non conseguen corrir a volatilidade dos prezos á produción, e que afectou en maior medida, e de xeito máis inmediato, aos produtores que non están integrados en cooperativas ou organizacións de produtores (OPs). Este tipo de empresas e a súa axeitada dimensión producen un efecto positivo na ordenación da produción, tanto polo aumento do poder de negociación ante clientes e provedores como pola maior transparencia que aportan a cadea. Por outro lado, tamén facilitan a concentración ó longo prazo e unha maior estabilidade nos prezos. O exemplo máis destacado o temos en Galicia coas chamadas Agrupacións de Produtores Agrarios (APAs) que se constituíron, con axudas da UE, para a comercialización do leite nos anos noventa.

8. A existencia dunha parte da produción organizada provoca un efecto positivo sobre os socios e tamén sobre os non socios: o feito de que un sector cooperativo potente consiga xestionar unha parte da produción (exportar; escalonar a produción, retirar/almacenar, et.) redundando en beneficio dos seus socios pero indirectamente tamén nos produtores non asociados, xa que xeran movemento no mercado e son unha clara referencia á hora de mantemento prezos nas zonas onde están implantadas.

9. As empresas dos agricultores, ou o que é o mesmo, as cooperativas, teñen un compromiso total cos prezos dos produtos agrarios. Esta característica propia e exclusiva das cooperativas fai que sexan os únicos operadores do mercado comprometidos ineludiblemente cos prezos en orixe, a diferenza de todo o resto de operadores, cuxo negocio reside na diferencial entre os custes de adquisición da materia prima e os de venda dos seus produtos. Cando non é posible aumentar os prezos de venda, a rendibilidade pódese manter baixando os custes de adquisición das materias primas, é dicir, os prezos dos produtos agrarios. Sen embargo, esta vocación de defensa dos prezos en orixe non está ó alcance das pequenas cooperativas locais e comarcais; e na medida en que avanza o proceso de globalización, a dimensión necesaria para ter capacidade de incidir no mercado é maior.

B. Multitude de intermediarios:

10. A existencia dunha industria privada moi dispar, onde coexisten multinacionais de gran implantación e volume con empresas de carácter familiar e pouco organizadas, xunto á insuficiente organización do sector produtor, que ademais actúa principalmente a nivel dos mercados en orixe, provoca a aparición de múltiples intermediarios que non achegan valor engadido e aumentan artificialmente os custes de transacción. O resultado é a configuración dunha cadea alimentaria complexa e con unha gran distancia entre a produción e os consumidores. Ante esta situación, a concentración da produción e a súa capacidade par chegar á distribución comercial sería unha solución para atenuar a falla de transparencia e eliminar eslavóns innecesarios. En consecuencia, é necesario contar tanto con máis produtores integrados en cooperativas, como con grupos de cooperativas mellor dimensionadas.

11. Ademais da existencia de múltiples intermediarios, observase en moitos deles unha estratexia de abuso aos produtores baseada na incapacidade de negociación destes últimos, proliferando a práctica da entrega a resultas, que está moi presente dende sempre no sector leiteiro e noutros sectores como o vacún de carne, horta e flor cortada. Esta práctica fai que o eslavón comercial non teña necesidade de defender prezos e, en consecuencia, provoca a caída libre dos mesmos ao non ter ningún compromiso cos seus provedores.

C. Mellora da comercialización das producións:



12. A concentración dos produtores será a condición básica para levar a cabo proxectos de mellora da produción e comercialización. Nin os investimentos en intanxibles, nin os coñecementos necesarios para levalos a cabo están ó alcance dunha explotación individual que non estea integrada nunha cooperativa, APA ou OP suficientemente dimensionada. Por outro lado, estas empresas son as mellor posicionadas e ferramentas claves para acadar a homoxeneización da produción e asegurar unha completa trazabilidade para adaptarse á demanda do consumidor. Por tanto, as cooperativas, APAs e OPs son capaces, non soamente de concentrar a oferta, senón de valorizala produción a través da adaptación da oferta ás novas tendencias do consumo, diferenciación do produto, incorporación da marca, protocolos de calidade, promoción, participación en procesos de transformación, penetración en novos mercados de exportación, ...

D. Maiores condicionantes da produción:

13. As producións comunitarias están sometidas a condicionantes, tanto públicos como privados e a custes en termos de calidade, trazabilidade, medioambiente e benestar animal moito máis elevados que as producións procedentes de países terceiros. Cumprir coas esixencias legais e sociais require un esforzo inversor e técnico que non está ó alcance de moitas explotacións individuais. Soamente participando nunha estrutura superior, como pode ser una cooperativa, se abre a posibilidade de acceder a tódolos medios dispoñibles á vez que se optimizan os custes.

E. Investimento en I+D+i e internacionalización:

14. Os programas de axudas ó investimento en I+D+i están sendo potenciados polas políticas comunitarias e nacionais, proba diso é o importante montante orzamentario posto a disposición dos mesmos. A internacionalización e a diversificación dos mercados supón outra saída ás producións. Sen embargo, tanto a innovación como a internacionalización requiren profesionalización e coñecemento dos mercados pero, sobre todo, unhas economías de escala que permitan acometer uns importantes investimentos cuxos resultados non se vexan senón a medio e longo prazo. As cooperativas dimensionadas son as únicas que poderían soportar estas iniciativas coa garantía de trasladar ó produtor o valor engadido finalmente obtido.

III. Posicionamentos de Institucións Comunitarias e Organismos de outros Estados Membros da UE que defenden a necesidade de reforzar a concentración da oferta.

15. Tras a crise dos prezos agrarios e, especialmente, coa crise do sector lácteo, as institucións comunitarias están sensibilizadas e veñen manifestando a necesidade de equilibrar a cadea de valor, mellorando o poder de negociación da produción a través das cooperativas, OPs ou APAs para que a transmisión dos custes e os beneficios ó longo da mesma sexan máis equilibrados e transparentes.

16. Existen varios documentos onde se pon de manifesto esta necesidade:

- Informe do Parlamento Europeo sobre as diferenzas de prezos de orixe e destino. Cita ás OPs e cooperativas como ferramenta fundamental da produción para mellorar o seu poder de negociación, e incita á necesidade de integración e concentración das mesmas.
- Informe da Comisión Europea sobre o Sector Lácteo. Considera que hai que fomentar o papel das OPs e recoñece a inexistencia de ferramentas para o seu fomento na lexislación comunitaria no marco da OCM actual.
- Nota da Autoridade de Defensa da Competencia Francesa. Nun análise sobre o desequilibrio na cadea agroalimentaria e a transmisión de prezos, recoñece que a mellor maneira de estruturar ó sector produtor sen arriscarse a incumprir as normas de defensa da competencia é a concentración da oferta a través de cooperativas ou outro tipo de OPs.
- Conclusións da Presidencia Española de la UE sobre un mellor funcionamento da cadea de valor. Destaca a necesidade de reforzar o papel de cooperativas e OPs para mellorar e



equilibrar o funcionamento da cadea de valor. Esta declaración foi apoiada por unha ampla maioría de Estados Membros da UE e organizacións profesionais, tanto a nivel estatal como no Copa-Cogeca a nivel da UE.

- Nas conclusións do Grupo de expertos de Alto Nivel (GAN) do sector lácteo da UE, presentadas o pasado mes de xuño invita á Comisión da UE a considerar unha proposta lexislativa para permitir ós produtores de leite de xeito colectivo, baixo a normativa agraria, negociar os termos dun contrato, incluído o prezo, onde se teña en conta a natureza específica das cooperativas.

IV. Conclusión sobre a necesidade de promover unha estratexia decidida para o aumento da concentración da oferta.

17. Tal e como poñen de manifesto os antecedentes, razóns e pronunciamentos descritos anteriormente, o sector agrario galego, nun contexto de desmantelamento progresivo dos mecanismos de regulamentación dos mercados e de forte concentración dos provedores de inputs e dos clientes (industria e, sobre todo, distribución comercial alimentaria), necesita acometer una estratexia firme que conduza a un aumento significativo do porcentaxe de oferta de produtos agrarios nas mans das empresas dos propios agricultores, é dicir, as cooperativas, ata niveis críticos que teñan capacidade de incidir no mercado. Só deste modo se porán defender as rendas dos agricultores. Mentres non se acaden os niveis críticos de incidencia nos mercados, as cooperativas tamén estarán a expensas do mesmo, incapaces de cumprir coa súa misión.

18. Partindo da convicción anterior, é dicir, a necesidade de organizar o sector produtor nuns poucos grupos cooperativos coa masa crítica suficiente para incidir no mercado, debe desenvolverse unha estratexia de concentración da oferta, utilizando tódolos instrumentos dispoñibles, tanto de tipo lexislativo como de tipo económico, compartida tanto polas Organizacións Agrarias e das Cooperativas, como pola Xunta de Galicia e a Administración Central.

V. Instrumentos necesarios para favorecer a concentración da oferta.

A. Medidas no marco da PAC: OCM e Desenvolvemento Rural.

19. No marco da OCM única deben establecerse medidas que incentiven a mellora da comercialización como complemento á existencia de ferramentas de xestión de mercados públicas. Este tipo de medidas veñen recollidas para os sectores das froitas e hortalizas e o viño no marco da OCM única, e tamén nos Programas de Desenvolvemento Rural dentro do eixe 1 do 2º pilar sobre mellora da competitividade do sector agrícola, especialmente a medida 123 sobre aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.

20. Sen embargo, estes instrumentos teñen graves limitacións á hora de ser aplicados: Estas ferramentas circunscríbense soamente a algúns sectores e como residuos de anteriores regulamentacións. A Comisión Europea, por temor á falla de control, e para evitar que unha mesma medida poida ser financiada por diferentes fondos, anula na práctica calquera posibilidade de convivencia entre as ferramentas da OCM e as medidas previstas no marco dos PDR. Do mesmo xeito, os PDR teñen un claro sesgo territorial e non apoian programas, actuacións e grupos empresariais que teñan unha vocación de integración do sector que vaia máis alá das zoas político administrativas onde se desenvolven. A Comisión Europea impide, por exemplo, a coexistencia entre un PDR autonómico e outro estatal.

21. Por tanto, é necesario: Estender as medidas a tódolos sectores e no marco da OCM única para incentivar a mellora da comercialización e concentración da oferta a través de Cooperativas, APAs ou OPs. É necesario que dende a Comisión se permita o acceso simultáneo por parte das OPs e APAs e dos seus socios ás ferramentas do Desenvolvemento Rural e os Programas Operativos, sen establecer un sistema de exclusión ou de delimitación de investimentos baixo criterios



arbitrarios. Polo contrario, un sistema eficaz de control administrativo dos expedientes (“fiestra única”) pode dar totais garantías de inexistencia de dobre financiamento.

B. Exclusión das cooperativas, APAs e OPs das limitacións establecidas para as empresas que superan os límites previstos para as PEME.

22. Existe unha contradición entre as recomendacións políticas, documentos institucionais existentes e a lexislación vixente. Mentres as administracións públicas comunitarias insisten en que o sector produtor debe concentrarse, paralelamente impoñen un límite xenérico na admisibilidade dos proxectos de mellora da competitividade no marco dos PDR e as axudas nacionais, limitando a percepción de fondos ás empresas que entren na definición de PEME existente na Recomendación da Comisión 2003/361 (250 traballadores e 40 millóns/€ de volume de negocio), e limitando a intensidade do financiamento ás denominadas empresas intermedias, escalón superior ás PEMEs, a un 50% das axudas previstas no marco do Regulamento Desenvolvemento Rural.

23. Esta definición non diferencia por tipo de empresas, e non recoñece a especificidade das cooperativas que non son outra cosa que a suma das explotacións dos seus socios, cun tamaño que corresponde ás microempresas.

24. É necesario buscar fórmulas que permitan á cooperativas, APAs ou OPs beneficiarse plenamente de estes fondos, aínda que superen os límites PEME; sempre que cumpran un determinado número de condicións e se recoñeza o teito que representan a suma das explotacións dos seus socios e, por tanto, se asegura que os fondos públicos investidos benefician a un gran número de produtores.

C. Concertación Comunidade Autónoma de Galicia co Ministerio de MARM.

25. As iniciativas e programas que van máis alá do ámbito político administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia quedan automaticamente excluídas da elixibilidade dos PDR. Este supón unha clara discriminación para aqueles grupos que pretenden integrar e concentrar a oferta en zoas de produción de diferentes comunidades autónomas. É dicir, un grupo que pretende a comercialización e/ou transformación de cooperativas e empresas de máis de unha Comunidade Autónoma, aínda sendo elixible, na práctica queda excluída de calquera apoio previsto nun PDR. No caso de Galicia é patente esta discriminación na cooperativa DELAGRO, importante central de compras que integra cooperativas agrarias de Galicia, Asturias e Cantabria, totalmente limitada no acceso ós apoios do PDR.

26. Por outro lado, os Programas de Desenvolvemento Rural varían dunha rexión a outra, existindo soamente un marco estatal que logo se desenvolve de forma independente sen a coherencia que esixe un mercado que sen dúbida vai máis alá da demarcación de cada unha das comunidades autónomas onde se aplica. Débese incentivar por tanto, as iniciativas e colaboracións entre cooperativas, APAs ou OPs implantadas en diferentes territorios, fomentando así a constitución e o desenvolvemento de grupos de carácter supraautonómicos.

VI. Elementos que debe cumprir unha definición de Organización de Produtores ou Agrupación de Produtores Agrarios para conseguir os efectos desexados.

27. Cando se fala de cooperativas hai un certo consenso no seu obxectivo e definición, a pesar de que o seu funcionamento e réxime xurídico varía moito nos diferentes estados membros da UE ou incluso entre Comunidades Autónomas. No básico as cooperativas agrarias son instrumentos económicos ó servizo e dirixidos polos produtores para o mantemento e mellora das súas rendas.



Pero, ademais desta función básica, contan cun papel fundamental na creación de emprego, son xeradoras de actividade económica no medio rural e achegan eficiencia no proceso produtivo.

28. Sen embargo, o concepto de OP ou APA pode abarcar outro tipo de empresas que non son exclusivamente cooperativas, ata o punto de non ter claro qué debe entenderse como tal e cales deben selas súas características, aínda que en Galicia non se xerou esta confusión.

29. A lexislación comunitaria, no marco da “OCM Única” (R. 1234/2007, art.122), define á OP como unha entidade xurídica creada a iniciativa dos agricultores, que ten por obxectivos:

- a concentración da oferta e a comercialización dos produtos dos afiliados;
- a adaptación conxunta da produción ás esixencias do mercado e a mellora dos produtos;
- o fomento da racionalización e mecanización da produción.

30. A OCM de Froitas e Hortalizas definiu as OP fixándose nas características das cooperativas. Non é casualidade que este regulamento do Consello, como os anteriores que o precederon, estableza que as entidades que queiran ser recoñecidas como OPs deban conter nos seus estatutos regras que garantan – entre outros control democrático da organización polos socios, a obriga de entrega total (con determinadas excepcións) ou a de pertenza única para un mesmo produto. Finalmente, establécese que todas as OPs para recibir o recoñecemento, deben contar con unhas estruturas mínimas necesarias para garantir aos socios os servizos de recolección, almacenamento, comercialización, asistencia técnica, et.

31. Este concepto básico é matizado en cada Estado Membro, a quen corresponde, por exemplo, establecer el número mínimo de membros e de volume de produción comercializable que debe reunir unha entidade para ser recoñecida como OP¹. Por tanto, o obxectivo da organización de produtores non é a xestión das axudas directas, senón a concentración da oferta.

32. Na lexislación comunitaria e estatal existen exemplos de sistemas actuais que utilizan ás OPs como ferramentas para incentivar a concentración e integración do sector, como é a OCM das froitas e hortalizas, o desenvolvemento de APAs no sector das flores e plantas ou o apoio ás agrupacións de produtores de ovino e cabrún. Sen esquecermos do importante papel desenvolto polos apoios ás APAs no sector leiteiro nos anos noventa en Galicia.

33. É necesario contar con OPs recoñecidas que cumpran cuns requisitos estritos que aseguren a consecución dos obxectivos para as cales foron creadas. Os elementos fundamentais que debería cumprir unha organización de produtores para o seu recoñecemento deben estar baseados nos seguintes requisitos de base:

- a. Creada por produtores.
- b. Que persiga a finalidade fundamental da mellora da renda dos produtores, a través dos seguintes obxectivos:
 - i. Optimización dos custes de produción.
 - ii. Programación e adaptación da produción á demanda cuantitativa e cualitativamente
 - iii. Valorización da produción.
 - iv. Concentración da produción, confección ou transformación e a comercialización.
- c. Que abrangue un número mínimo de produtores e con compromiso de permanencia a medio ou longo prazo, asegure unha dimensión suficientemente relevante no mercado e non incentive a proliferación de OPs de reducido tamaño que non serven para cumprir cos obxectivos fixados.
- d. Que contén con unhas estruturas técnicas e humanas mínimas esixibles, así como un departamento de comercialización para o desenvolvemento da súa actividade.
- e. Que estean rexidas por regras de funcionamento democráticas que aseguren a participación dos produtores no seu interior, por encima de terceiros non produtores.
- f. Que contén de maneira obrigatoria nos seus estatutos con un plan operativo plurianual para o financiamento de investimentos e gastos destinados ao cumprimento dos seus obxectivos.

34. En Galicia e España estas condicións anteriormente sinaladas encontran o seu reflexo na



figura xurídica das cooperativas e SATs, polo que calquera outra forma de empresa que aspire a ser recoñecida a efectos dunha normativa que fomente a actividade das OPs, e en aras á consecución dos obxectivos perseguidos, debería adecuarse ás mesmas condicións e esixencias tanto en cantidade como en calidade.

¹ As condicións de recoñecemento de organizacións de produtores en España ven recoñecidas no RD 1972/2008 sobre recoñecemento de OPs de froitas e hortalizas (OPFH).

VII. Propostas concretas

35. Incentivar a concentración da produción e comercialización agroalimentaria do sector como estratexia prioritaria da Xunta de Galicia e da nosa Comunidade Autónoma, para equilibrar a cadea de valor e mellorar as rendas dos produtores a través do fomento das cooperativas, APAs e OPs dimensionadas.

36. En Galicia e en España o modelo de OP que debe recoñecerse e que garante o cumprimento dos requisitos, enumerados no apartado VI deste documento inspirase na figura das cooperativas e, por tanto, é necesario un plan real e ambicioso a nivel estatal e autonómico que incentive a integración cooperativa.

37. Esta estratexia debería contar con medidas a curto prazo, é dicir, instrumentos que poidan ser desenvolto co actual marco lexislativo, e outras medidas a longo prazo, que esixiran reformas a nivel da lexislación comunitaria.

A. Estratexia a curto prazo:

a. No marco dos PDR autonómicos, a Administración Central debería animar á coordinación entre as comunidades autónomas con dous obxectivos: priorizar economicamente os proxectos de dimensión e eliminar as trabas aos proxectos supraautonómicos.

b. É necesario que a Administración Central traballe na solución do problema da limitación pola definición PEME para a aceptación de programas no marco do Desenvolvemento Rural para as cooperativas dimensionadas, na que como mínimo se debería conseguir unha excepción á regra.

c. No marco do desenvolvemento do artigo 68 do Regulamento do Consello 73/2009, que establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axudas directas aos agricultores no marco da PAC, e no marco da política agraria nacional, a priorización de agricultores integrados en cooperativas, APAs ou OPs debería ser unha constante.

d. Na OCM vitícola debería traballarse e desenvolverse a figura das Organizacións de Produtores Vitícolas e o seu problema de compatibilidade de fondos con Desenvolvemento Rural, posto que noutros Estados Membros da UE xa se conseguiu a súa aplicación e están en pleno funcionamento.

e. No marco da OCM de froitas e hortalizas tamén se deben resolver os problemas de compatibilidade entre os Fondos Operativos e os PDR.

f. Por último, o recoñecemento das OPs que se fai na OCM Única debería estenderse ao conxunto dos sectores recollidos en dita normativa. En Galicia é de interese que este recoñecemento abarque e se aplique no sector lácteo, vacún de carne, porcino, avicultura e cunicultura especialmente, a maiores dos sectores que neste momento xa se poden recoñecer.

g. É necesario que as Comunidades Autónomas e o Goberno Central consigan integrar unha liña de capital risco que conduza a un sector máis forte, competitivo e de maior volume, e en particular a apoiar a constitución de grupos supraautonómicos, de xeito moi semellante ó existente en Italia.



h. Reforzar e mellorar os instrumentos da Orden Autonómica de Dimensionamento e da Orde Ministerial de Integración Cooperativa que afronten o problema da limitación ás axudas de estado.

B. Estratexia a longo prazo:

i. A Unión de Cooperativas AGACA insiste na necesidade de loitar por unha PAC máis alá do 2013 en consonancia cos criterios fixados neste documento, e que estes criterios se vexan plenamente implementadas nas políticas agrarias do Estado e da Comunidade Autónoma en perfecta coordinación.

C. Accións específicas no sector lácteo:

j. Consideramos necesarios estímulos públicos dirixidos a promover o crecemento das cooperativas produtoras de leite mediante o impulso do modelo de **cooperativa integral** (produción-industrialización-comercialización) que dirixa os seus esforzos constantemente a unha mellora da produtividade das explotacións e da calidade do leite. Para iso, dende a administración débense impulsar economicamente a profesionalización e a autonomía de xestión das cooperativas.

k. Dende o Ministerio de MARM e a Consellería do Medio Rural deben impulsar a creación de **Agrupación de Produtores de Leite de Vaca** mediante un Real Decreto, de xeito semellante ao RD 104/2008 posto en marcha para o impulso das agrupacións de produtores de ovino e cabrún. Galicia sería a comunidade autónoma con maiores posibilidades de constitución de agrupacións e acceso a este tipo de axudas.

l. Globalmente, **o sector lácteo necesita:**

1º.- Ferramentas de **intervención de mercados** (públicos ou privados) que nos axuden a evitar os efectos irreversibles da volatilidade dos mercados.

2º.- Apoio decidido á **concentración da oferta**, mediante a constitución e apoio ás Agrupacións de Produtores de Leite de Vaca ben dimensionadas que permitan facer actuacións de regulación de mercado, adaptación á volatilidade, mellora e certificación da calidade, difusión de I+D+i, actuacións para mellorar a competitividade (exemplo RD 104/2008), eliminando as restricións legais pouco adaptadas ao agro como son os límites de axudas de PEMES.

3º.- Unha política de **Desenvolvemento Rural** coordinada e acorde ás necesidades do sector, de xeito que sexan un reforzo da actividade económica. Sen actividade económica agraria dificilmente teremos un medio rural vivo.

4º.- Impulsar a nivel estatal **programas supra-autonómicos** dirixidos a apoiar a orientación cara o mercado mediante os apoios do artigo 68 da PAC. Impulsar o reequilibrio na cadea de valor do sector lácteo apoiando a posta en marcha das conclusións do Grupo de Alto Nivel da UE, e especialmente fomentando os contratos agrarios e a interprofesional real e operativa para o sector.

En Santiago, a 10 de setembro de 2010.